

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL (curso 2023/2024) (DOG: ORDE do 10 de maio de 2023)

Prezadas familias:

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou no DOG do día 19 de maio de 2023 a [ORDE do 10 de maio de 2023, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado mariculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial...](#)

CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA

- **A Orde integra diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto:**
 - 1ª) Fondo solidario de libros de texto en 3º e 4º de Pri..
 - 2ª) Axudas para adquirir libros de texto en 1º e 2º de Pri. e en educación especial.
 - 3ª) Axudas para adquirir material escolar para alumnado de primaria e educación especial.
 - 4ª) O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2023-2024 (é dicir, 5º e 6º Pri.) está excluído da participación do Fondo Solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúna os requisitos establecidos na Orde.
- **Fondo solidario:**
 - a) Ao alumnado que participe no fondo solidario, asignaráselle os libros de texto correspondentes aos cursos 3º e 4º EP en orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias. (Terá preferencia o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda)
 - b) Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro adquirirá os libros de texto que sexan necesarios para garantir:
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 €: 6 libros de texto.
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6000 € e igual ou inferior a 10000 €: 4 libros de texto.
 - Ao alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia ou unha discapacidade igual ou superior ao 65 %: 6 libros de texto con independencia da renda.
- **Axudas para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP:**
 - Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 e: 240 €.
 - Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 6000 € e igual ou inferior a 10000 €: 160 €.





- Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 300 os con independencia da renda per cápita da unidade familiar.
- Para o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será 240 €.

- **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:**

Ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Pri., que a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine en cada caso, polos importes establecidos no artigo 2.2.b) da convocatoria.

- **Axudas para material escolar:**

- Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 €: 75 €.
- Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 6000 €: 60 €.
- O alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia, o de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda: 75 €.

- **Para o cálculo da renda familiar:**

- Se presentaron declaración, sumaranse os recadros 435 e 460 da declaración do IRPF do ano 2021.
- Se non presentaron declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- **A renda per cápita** da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- **A solicitude será única para todas/os as/os fillas/os admitidas/os no mesmo centro docente e para as tres modalidades de axuda para o curso 2023/24.**
- **O prazo de presentación** de instancias para o alumnado de educación primaria e educación especial é **do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023**, ambos inclusive.





- **As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse**, preferiblemente, por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática "Fondo Libros" (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes (preferiblemente mediante cita previa para garantir a atención) ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As instancias (ANEXOS I-II da ORDE) **poden obterse** no centro, na xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, no portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal> e na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>.

- **Xunto coa solicitude deberase entregar:**

- **Orixinal e copia** do libro de familia, onde figuren todos os membros da unidade familiar, a 31 de decembro de 2021.
- Nos casos de separación ou divorcio deberán presentar **copia** da correspondente sentenza xudicial e o convenio regulador, onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Excepcionalmente, cando non sexa posible facelo polos medios anteriores, poderase acreditar o nº de membros computables, presentando certificado ou volante de convivencia ou o informe dos servizos sociais do concello, no que se acredite a situación familiar.
- No caso de discapacidade non expedida pola Administración Autonómica, deberán presentar a certificación que o acredite (**copia**).
- Nos casos de violencia de xénero deberán presentar a documentación acreditativa (**copia**).
- A incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa correspondente resolución xudicial (**copia**).
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia: copia da resolución administrativa/xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.
- Certificado/volante de convivencia, ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello, no caso de que o pai e a nai ou titor carezan de DNI e NIE.

- **O centro tramitará as solicitudes** dentro dos prazos establecidos na ORDE; unha vez estea introducida a solicitude, xerarase un vale por cada alumno ou alumna beneficiario, seguindo a orde de presentación das solicitudes.
- **O Fondo de Libros** para 3º e 4º de EP **será repartido no inicio de curso**.
- **O centro entregará os vales** para adquisición de libros de 1º e 2º de EP e para material escolar do **03 ao 07 de xullo**, ambos inclusive (preferib. con cita previa).



• **Obrigas das persoas beneficiarias:**

- 1) Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2022/23 (Está excluído o beneficiario de libros de texto de 1º e 2º de Pri. e o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, sempre que os libros ou material non se poidan reutilizar).
- 2) Conservar en bo estado os libros do fondo ou adquiridos coas axudas e devolvelos ao rematar o curso.
- 3) Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto do colexio.
- 4) Destinar o importe do vale para material escolar que necesite. O alumnado que finaliza 6º de Pri. deberá presentar a solicitude no centro de educación secundaria no que fose admitido.

Ao abeiro do CAPÍTULO IV, artigo 24, punto 2 da ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H) (DOG venres 19/maio/2023), **esta Dirección resolve establecer os seguintes prazos:**

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (este prazo xa vén fixado na convocatoria: é só a título informativo)	(dende o 20 de maio) até o 21/xuño/2023
PUBLICACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS (taboleiro de anuncios do centro)	26/xuño/2023
RECLAMACIÓN ÁS LISTAXES PROVISIONAIS	27-28/xuño/2023
PUBLICACIÓN DE LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS (taboleiro de anuncios do centro)	30/xuño/2023
PREVISIÓN DE ENTREGA DE VALES (prégase solicitar cita previa para garantir a atención)	03-07/xullo/2023, (09:00-14:00 H)

Asinado electrónicamente en Cesuras

O Director

D. Israel Arranz Carreño

